



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES. ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA

Anuncio

Resolución do 14 de xuño de 2023 da Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, referente á convocatoria do proceso selectivo unitario por oposición libre dunha praza de vixiante municipal no concello de Rábade.

No "Diario Oficial de Galicia" número 112, do 14 de xuño de 2023, publícase a Orde do 6 de xuño de 2023 pola que se aproban as bases xerais reguladoras e convócase proceso selectivo unitario para o acceso por oposición libre nunha praza de vixiante municipal no concello de Rábade (código de procedemento PR461E).

O prazo de presentación de instancias será de 20 días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da referida orde de convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

Os sucesivos anuncios referentes a esta convocatoria faranse públicos de conformidade coas bases da mesma.

A Estrada, 14 de xuño de 2023.- O director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública, Santiago Villanueva Álvarez. A secretaria xeral de Presidencia, Beatriz Cuiña Barja.

R. 2129

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA (DEPORTES)

Anuncio

ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA (DEPORTES)

RELACIÓN DE SUBVENCIÓNS DIRECTAS (NOMINATIVAS E EXCEPCIONAIS) TRAMITADAS POLA ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA (DEPORTES) DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO NO SEGUNDO TRIMESTRE DO ANO 2023.

En cumprimento do establecido nos artigos 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, 30 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 11 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, faise pública a relación de subvencións directas, nominativas e de carácter excepcional, tramitadas pola Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica (Deportes) da Excma. Deputación Provincial de Lugo no segundo trimestre do ano 2023.

Entidade	CIF	Tipo subvención	Concepto	Aplicación orzamentaria	Importe	Órgano de aprobación
CLUB ESTUDIANTES	G27032127	Nominativa	SUBVENCIÓN GASTOS TEMPADA	3410/48900	56.000,00 €	Presidencia
ASOCIACIÓN XUVENIL SAGRADO CORAZÓN	G27118934	Nominativa	SUBVENCIÓN ORGANIZACIÓN LUGO É BASKET	3410/48900	4.000,00 €	Presidencia
C. N. PORTAMIÑÁ LUGO	G27268531	Nominativa	SUBVENCIÓN GASTOS TEMPADA	3410/48900	15.000,00 €	Presidencia
CLUB ATLETISMO LUCUS	G27033836	Nominativa	SUBVENCIÓN GASTOS TEMPADA FEMENINO	3410/48900	8.000,00 €	Presidencia
CLUB BALONCESTO BURELA	G27164680	Nominativa	SUBVENCIÓN GASTOS DE TEMPADA	3410/48900	7.000,00 €	Presidencia

CLUB BOLOS XOVE	G27371988	Nominativa	LIGA NORTE DE BOLOS	3410/48900	5.000,00 €	Presidencia
CLUB FLUVIAL DE LUGO	G27008549	Nominativa	GASTOS DE TEMPADA PARA A SECCIÓN DEPORTIVAS DE TENIS, NATACIÓN, ATLETISMO, DEPORTE DE ORIENTACIÓN E PIRAGÜISMO	3410/48900	15.000,00 €	Presidencia
CLUB BALONCESTO SARRIA	G27040955	Nominativa	SUBVENCION GASTOS TEMPADA	3410/48900	13.000,00 €	Presidencia
CLUB DE LOITAS OLIMPICAS DE VILALBA	G27213131	Nominativa	APOIO AO ALTO RENDEMENTO	3410/48900	8.000,00 €	Presidencia
ESCOLA LUGUESA DE XADREZ	G27211960	Nominativa	SUBVENCIÓN XADREZ NA ESCOLA, XORNADAS DE INICIACIÓN E PERFECCIONAMENTO DE XADREZ	3410/48900	8.000,00 €	Presidencia
ESCUDERÍA CHANTADA	G27106228	Nominativa	SUBVENCIÓN ORGANIZACIÓN SUBIDA A CHANTADA	3410/48900	14.000,00 €	Presidencia
ESCUDERIA PONTENOVA	G27412840	Nominativa	SUBVENCIÓN ORGANIZACIÓN SUBIDA Á PONTENOVA	3410/48900	7.000,00 €	Presidencia
BURELA FÚTBOL SALA	G27272251	Nominativa	SUBVENCIÓN GASTOS TEMPADA SECCIÓN FEMININA	3410/48900	12.000,00 €	Presidencia
OS MEIGALLOS FS	G27326628	Nominativa	SUBVENCIÓN GASTOS TEMPADA	3410/48900	10.000,00 €	Presidencia
FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO	G15103500	Nominativa	COPA DEPUTACIÓN DE ATLETISMO	3410/48900	5.000,00 €	Presidencia
ENSINO LUGO CLUB DE BALONCESTO	G27324284	Nominativa	COPA DEPUTACIÓN BALONCESTO	3410/48900	14.000,00 €	Presidencia
SPECIAL OLYMPICS	G15771777	Nominativa	MARCHA CICLISTA UNIFICADA	3410/48900	4.000,00 €	Presidencia
CLUB RIBEIRA FÚTBOL SALA	G27342005	Nominativa	SUBVENCIÓN GASTOS TEMPADA EQUIPOS FEMININOS	3410/48900	8.000,00 €	Presidencia
CLUB DH GALICIA	G27421064	Nominativa	SUBVENCIÓN GASTOS TEMPADA	3410/48900	6.000,00 €	Presidencia
RACING CLUB VILALBÉS	G27119858	Nominativa	PROXECTO DE DESENVOLVEMENTO DE FÚTBOL FORMATIVO-DEPORTIVO-COMPETITIVO	3410/48900	20.000,00 €	Presidencia
ENSINO LUGO CLUB DE BALONCESTO	G27324284	Nominativa	GASTOS DE TEMPADA	3410/48900	120.000,00 €	Presidencia
CLUB DEPORTIVO BURELA FS	G27272251	Nominativa	GASTOS DE TEMPADA	3410/48900	140.000,00 €	Presidencia
CLUB PELUQUERIA MIXTA FRIOL	G27170638	Nominativa	GASTOS DE TEMPADA	3410/48900	45.000,00 €	Presidencia
CLUB FÚTBOL SALA FEMENINO CASTRO	G27451020	Nominativa	GASTOS TEMPADA EQUIPOS FEMENINOS	3410/48900	22.000,00 €	Presidencia
ASOCIACIÓN DEPORTIVA CULTURAL DROCER	G27508605	Nominativa	CURSOS DE FORMACION DEPORTIVA	3410/48900	20.000,00 €	Presidencia
CLUB DEPORTIVO PROMOVE LUGO	G10524247	Nominativa	GALAS PREMIOS LIDER AO FÚTBOL BASE LUCENSE E AO BALONCESTO BASE LUCENSE	3410/48900	30.000,00 €	Presidencia
CLUB VILALBA FS	G27247667	Nominativa	TEMPADA EQUIPO FEMENINO	3410/48900	6.000,00 €	Presidencia
ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA EL CANCER LUGO	G28197564	Nominativa	MARCHA CONTRA O CANCRO	3410/48900	6.000,00 €	Presidencia
CLUB REMO CELEIRO	G27515683	Nominativa	ADQUISICIÓN REMOERGOMETROS	3410/789	10.000,00 €	Presidencia
CD SAN CIPRIAN	G27032275	Nominativa	ADQUISICIÓN VEHICULO FURGONETA	3410/789	17.000,00 €	Presidencia

Lugo, 04 de xullo de 2023.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 04-07-2023 O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón". O SECRETARIO Asdo: José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2130

CONCELLOS

BEGONTE

Anuncio

Dando cumprimento ao disposto no art. 52 do Real Decreto 2.568/1.986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, faise público que polo sr. Alcalde - mediante a Resolución nº 0237, de 29 de xuño de 2023 - acordouse o seguinte:

Visto o disposto nos artigos 23 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, 65 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e 52 e 53 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, (Aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro),

Pola presente, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Nomear como membros da Xunta de Goberno Local, para o suposto da súa creación polo Pleno, aos seguintes concelleiros :

- D. Luis Luaña Castelo.
- Dna. Sonia Varela García.
- D. Ramiro Parga Coira.

SEGUNDO.- Delegar na Xunta de Goberno Local o exercicio das seguintes atribucións :

- Desenvolvemento da xestión económica de acordo co orzamento aprobado (autorizacións , disposicións de gastos e recoñecemento de obrigas)etc. a partir de 50.000 €.
- Aprobar a oferta de emprego público - de acordo co orzamento e a plantilla aprobados polo Pleno - aprobar as bases das probas para a selección do persoal funcionario e laboral - agás o persoal laboral temporal - e para os concursos de provisión de postos de traballo e a distribución das retribucións complementarias que non sexan fixas e periódicas.
- Outorgar licenzas , agás que as Ordenanzas e as Leis sectoriais as atribúan ao Concello Pleno e, concretamente: Outorgamento de licenzas urbanísticas, Licenzas de apertura de establecementos públicos non calificados ou inocuos, Licenzas de apertura de Actividades calificadas ou suxeitas á avaliación ou incidencia ambiental, outorgamento de licenzas sometidas ao Regulamento de Espectáculos e Establecementos Públicos.....etc, e todo elo agás aquelas comunicación previas, licenzas de menor complexidade , a autorización de bailes e verbenas populares, as autorizacións de lume.....etc.
- Contratación de obras, de concesións de obra, de concesión de servizos, subministracións, servizos e contratos privados, a partir de 50.000 €, sen Ive., sempre dentro dos límites establecidos da competencia da Alcaldía.
- A adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial e a enaxenación de bens, cando o seu valor non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros.
- Aprobación de proxectos técnicos de obras e servizos a partir de 50.000 €.
- Aprobación de padróns fiscais e liquidacións tributarias individuais, agás aquelas liquidacións que resulten das comunicacións previas, licenzas ou outras autorizacións cuxa competencia para outorgalas sexa doutro órgano.

TERCEIRO.- Publíquese na súa parte dispositiva no Boletín oficial da Provincia de Lugo. notifíquese persoalmente aos interesados e déaselle conta ao Concello Pleno".

Este acordo deberá ser obxecto de publicación no seu momento na sede electrónica ou páxina web da Entidade Local, co fin de dar cumprimento ás obrigas de publicidade previstas no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Begonte, 29 de xuño de 2023.- O Alcalde-Presidente, Jose Ulla Rocha.

R. 2131

Anuncio

Dando cumprimentoaoadisposto no art. 44.2 do Real Decreto 2.568/1.986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e RéximeXurídico das Entidades Locais, faise público que polo sr. Alcalde - mediante a Resoluciónnº0239, do 29de xuño de 2023 - acordouse o seguinte:

De conformidade coas atribucións que me están conferidas polo artigo 23.4 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, o artigo 61.3 e 4 da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e nos artigos 43 e seguintes do Regulamento de organización, funcionamento e réximexurídico das Entidades Locais, e coa finalidade de conseguir unhamaior eficacia naxestión do goberno municipal, por medio do presente RESOLVE:

PRIMEIRO.-Sen perxuízo da delegación de atribucións a favor da Xunta de GobernoLocal,vense en outorgar a prol dos sres/sras.concelleiros/as que se citan as seguintesdelegacións de carácter xenérico:

A prol de D. Luis Luaña Castelo, a Delegación Xeral da Alcaldía e as áreas de Patrimonio e Medio Ambiente: Nas áreas de referencia a delegación ten como ámbito: Dirección e inspección do servizo de recollida de lixo, servizo de saneamento e tratamento de augasresiduais, mantemento e protección de parques e xardíns, protección do medio Ambiente, coa xestión da biomasa, conservación e protección do Patrimonio Público e Monumental histórico e artístico e protección civil. Así mesmo as áreas deElectrificación e de alumeadopúblico, de Educación e de Policía Urbana e Rural.

A prol de D. José Manuel RábadeCacharrón, as áreas de Sanidade e ServizosSociais,comprendendo: Asistencia sanitaria e dirección da Policía Sanitaria, Salubridade Pública, Defensa do consumidor e Servizossociais.

A prol de Dna. Aurora Braña Veiga, as áreas de Muller, Igualdade e Familia.

A prol de D. Ramiro Parga Coira, a área de Medio Rural, comprendendo a Promoción do sector Agrícola e gandeiro e a Promoción do sector forestal e industrias derivadas do mesmo.

A prol de Dna. Marta Lombao Gómez, a área de Turismo, comprendendo a Promoción turística.

A prol de Dna. Ruth Couso Geadá, a área deDeportes e Xuventude.

A prol de Dna. Sonia Varela García, a Dirección e impulso en materia de Cultura, a Participación cidadá, a Promoción do emprego e Promoción e relación cos movementos asociativos.

A prol de D. Manuel Castro Ferreiro: Benestar social, programas de envellecemento activo e 3ª Idade.

A Alcaldía asumirá as seguintesatribucións: Réxime interior, Vías e obras, Dirección e impulso da xestión e disciplina urbanística e abastecemento de augas.

SEGUNDO.-As facultades que se delegan comprenden a dirección, xestión e impulso dos asuntos correspondentes e non inclúen as de dictar resolución ou actos administrativos que afecten a terceiros.

TERCEIRO.- As presentes delegacións surtirán efectos dende o día seguinte á data da presente resolución, previa aceptación dos interesados nos términos do artigo 114 do Regulamento de organización, funcionamento e réximexurídico das Entidades Locais.

CUARTO.- Publíquese a parte dispositiva desta resolución no Boletín oficial da Provincia de Lugo. Notifíquese persoalmenteaos interesado e déaselle conta ao Pleno do Concello.

Este acordo deberá ser obxecto de publicación no seu momento na sede electrónica oupáxina web da Entidade Local, co fin de dar cumprimentoásobrigas de publicidade previstas no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bogoberno.

Begonte, 29 de xuño de 2023.- O Alcalde-Presidente, Jose Ulla Rocha.

R. 2132

Anuncio

Dando cumprimentoaoadisposto no art. 46.1 do Real Decreto 2.568/1.986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e RéximeXurídico das Entidades Locais, faise público que polo sr. Alcalde - mediante a Resoluciónnº0238, do 29de xuño de 2023 - acordouse o seguinte :

Os Tenentes de Alcalde, órganos individuais de natureza necesaria en tódolosConcellos, asumen a misión específica de substituír, pola orde do seunomeamento, ao Alcalde nos casos de vacante, ausencia ouenfermidade. Así o artigo 23.3 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das bases sobre o réxime local, establece:

"Os Tenentes de Alcaldes substitúen, pola orde do seunomeamento ao Alcalde, sendo libremente designados e revocados por este de entre os membros da Xunta de Goberno Local e, donde ésta non exista, de entre os concelleiros".

Vista a norma citada e os artigos 21 do Real Decreto Legislativo 781/86, de 18 de abril e 46 e 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Pola presente, esta Alcaldía RESOLVE:

PRIMEIRO.- Nomear como Tenentes de Alcalde aos seguintes concelleiros

1º Tenente de Alcalde: D. Luis Luaña Castelo.

2º Tenente de Alcalde: Dña. Sonia Varela García.

3º Tenente de Alcalde: D. Ramiro Parga Coira.

SEGUNDO.- Establecer, aos efectos da suplencia orgánica do cargo de Alcalde-Presidente da Corporación, nos supostos previstos pola lexislación local vixente, así como o desempeño das funcións de Alcalde-Presidente nos supostos de vacante, a propia orde do seunomeamento.

Para tal suplencia, teranse en conta as salvedades previstas no artigo 47, parágrafo 2º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, así como o límite que establece o artigo 48 do dito Regulamento.

TERCEIRO.- Publíquese a parte dispositiva desta Resolución no Boletín oficial da Provincia. Notifíquese persoalmente aos interesados e déaselle conta ao Pleno do Concello.

Este acordo deberá ser obxecto de publicación no seu momento na sede electrónica ou páxina web da Entidade Local, co fin de dar cumprimento ás obrigas de publicidade previstas no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Begonte, 29 de xuño de 2023.- O Alcalde-Presidente, Jose Ulla Rocha.

R. 2133

Anuncio

De conformidade co disposto no 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, faise público a presentación, por parte dos/as concelleiros/as electos/as desta Corporación Municipal, das declaracións sobre causas de posible incompatibilidade e de actividades que proporcionen ou poidan proporcionar ingresos económicos e de bens patrimoniais e participación en sociedades de todo tipo, así como a súa inscrición nos correspondentes Rexistros de Intereses do Concello.

As declaracións, cumprimentadas en formato papel, estarán dispoñibles na Secretaría do Concello nos termos establecidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Begonte, 3 de xullo de 2023.- O Alcalde-Presidente, Jose Ulla Rocha.

R. 2134

CERVO

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 3 de xullo de 2023, aprobáronse os padróns correspondentes ás mensualidades de maio de 2023 das liquidacións do prezo público polo servizo de Axuda no Fogar, da Taxa pola prestación do servizo da Piscina Municipal así como o correspondente ás ensinanzas especiais en establecementos docentes das entidades locais, escolas deportivas municipais e os padróns correspondentes ao 2º bimestre de 2023 das taxas polos Servizos de Abastecemento de Auga, Recollida de Lixo e Saneamento.

Por medio do presente edicto expóñense ao público os padróns, por un prazo de 15 días naturais, a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de reclamacións. Contra os mesmos poderase interpoñer o recurso de reposición do artigo 14 do RD legislativo 2/2004, de 5 de marzo no prazo de un mes dende a publicación deste anuncio, sendo o procedente no caso do canon da auga a reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación mediante o Padrón.

O prazo de ingreso en período voluntario abarcará dende o 10 de xullo ao 11 de outubro de 2023. Unha vez transcorrido o mesmo sen ter efectuado o pago, este esixirase polo procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do debedor. No caso do canon da auga, esta falta de pago no período voluntario sinalado suporá a

esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Formas de pagamento: Mediante domiciliación bancaria ou en calquera oficina de Abanca, Banco Santander ou BBVA provistos do documento de ingreso que se lles remitirá ou poderán solicitar no Concello.

Cervo, 3 de xullo de 2023.- A Alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 2135

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria de 30 de xuño de 2023, o expediente de modificación da plantilla de persoal, dentro do vixente Orzamento Municipal para 2023, que é o prorrogado de 2022, en cumprimento do disposto nos artigos 126 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril e 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e disposicións concordantes, expónse ao público na Intervención do Concello por prazo de 15 días hábiles, que empezarán a contar dende o seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao fin de que durante o mesmo os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións, que deberán ser dirixidas á Alcaldesa desta Corporación.

Cervo, 3 de xullo de 2023.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 2136

Anuncio

A alcaldesa do Concello de Cervo ditou os seguintes decretos organizativos que se publican en extracto en cumprimento da normativa vixente:

-Decreto de Alcaldía 2023/0592 de data 23/06/2023.

(...)

PRIMEIRO.- Que a Xunta de Goberno Local, presidida por esta Alcaldía, estará integrada polas tres concelleiros/as que a continuación se indican:

- Manuela Méndez Álvarez.
- M^a Concepción Pilar Armada Carrete.
- Alfredo Antonio Fernández Casas.

SEGUNDO.- A Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria unha vez cada quince días, os xoves ás 9:00 horas. Non obstante, se as circunstancias o aconsellaran, a xuízo da Alcaldía, poderá este convocar a sesión con carácter de ordinaria un día distinto da semana e á hora que estime adecuada, respectando sempre a periodicidade mínima antes establecida e as normas legais sobre forma e prazos das convocatorias. En particular, serán criterios a ter en conta pola Alcaldía para a convocatoria das ordinarias para día distinto do establecido como preferente, o feito de que tal día sexa festivo, a conveniencia dun maior estudo dos asuntos que se prevea tratar, a urxencia dos asuntos e calquera outros que xustifiquen razoadamente a decisión. Asemade a Xunta celebrará sesións extraordinarias e reunións deliberantes cando con tal carácter sexan convocadas pola súa Presidencia.

O Alcaldía poderá suspender a celebración das sesións da Xunta de Goberno Local do mes de agosto e alterar as de Semana Santa e Nadal, como consecuencia dos períodos de vacacións, cando isto non menoscabe a xestión dos asuntos municipais.

TERCEIRO.- A Xunta de Goberno Local terá asignadas as seguintes atribucións:

- Asistencia e asesoramento a esta Alcaldía no exercicio das súas atribucións.
- As atribucións que esta Alcaldía de forma expresa delega e que, a continuación, se expresan:

Delegar as seguintes atribucións da Alcaldía na Xunta de Goberno Local:

- O alleamento do patrimonio cando o seu valor sexa igual ou inferior ao 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento e o importe de tres millóns de euros.
- A concertación das operacións de tesourería cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento sexa igual ou inferior ao 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior.

- As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.
- O outorgamento das licencias, salvo que as leis sectoriais o atribúan expresamente ao Pleno ou á Xunta de Goberno Local.
- Todas aquelas que lle atribúan as leis.

CUARTO.- As competencias delegadas exerceranse pola Xunta de Goberno Local mediante a adopción de acordos na forma determinada polo art. 113 do citado Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, aprobado por R.D. 2568/1986, de 23 de novembro. Sen prexuízo do dito, esta Alcaldía resérvase a avocación daqueles asuntos que polas súas características particulares ou pola urxencia que tivesen deberan ser resoltos con prontitude e celeridade.

Efectos: Os acordos adoptados nas materias delegadas terán pleno efecto e o mesmo valor que as resolucións que dite a Alcaldía no exercicio das atribucións que non delegara.

QUINTO.- Comunicar esta resolución a todos os concelleiros afectados e aos diferentes servizos municipais, para o seu coñecemento e efectos.

SEXTO.- Dar conta ao Pleno desta resolución, na sesión extraordinaria que se convoque para dar cumprimento ao previsto polo artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

SÉTIMO.- A presente delegación de atribucións producirá efecto dende o día da celebración do pleno municipal de organización, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

- Decreto de Alcaldía 2023/0604 de data 26/06/2023.

(...)

PRIMEIRO.- Nomear tenentes de alcalde deste Concello, aos concelleiros membros da Xunta de Goberno Local que a continuación se relacionan, que substituíran pola súa orde a esta Alcaldía nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade:

Primeira tenente de alcalde: Manuela Méndez Álvarez.

Segunda tenente de alcalde: M^a Concepción Pilar Armada Carrete .

Terceiro tenente de alcalde: Alfredo Antonio Fernández Casas.

SEGUNDO.- Establecer que, no caso de ausencia, vacante ou enfermidade desta Alcaldía, as atribucións e competencias que me recoñece a lexislación vixente, serán realizadas sucesivamente polas tenentes de alcalde, segundo a orde na que aparecen relacionados no apartado anterior.

TERCEIRO.- A estes efectos, esta Alcaldía, cando teña que ausentarse do termo municipal, establecerá mediante Decreto, a duración da súa ausencia, designando á tenente de alcalde que teña que asumir as súas competencias.

De non conferirse esta delegación expresamente, esta Alcaldía será substituída pola primeira tenente de alcalde, e, no seu defecto, por calquera das outras tenentes de alcalde establecidos en segundo lugar que se encontren presentes, que deberán dar conta disto ao resto da Corporación, sen que durante o mesmo día poida actuar como alcaldesa accidental máis dunha delas.

CUARTO.- Comunicar este Decreto da Alcaldía ás tenentes de alcalde afectadas, facéndolles constar que terán que manter informada a esta Alcaldía do exercicio das súas atribucións como alcaldesa accidental, non podendo no citado exercicio, nin modificar as delegacións xa efectuadas por esta Alcaldía con anterioridade, nin outorgar outras novas.

QUINTO.- Dar conta ao Pleno do Concello desta resolución na sesión extraordinaria que se convoque, en cumprimento do previsto polo artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

SEXTO.- De conformidade co disposto no artigo 46 do citado Regulamento, os nomeamentos efectuados producirán efectos dende o día da celebración do pleno municipal de organización, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

- Decreto de Alcaldía 2023/0611 de data 27/06/2023.

(...)

PRIMEIRO.- A Alcaldía levará a xestión das áreas de Cultura, Xuventude, Facenda, así como a coordinación das distintas delegacións.

SEGUNDO.- Establécense as seguintes Delegacións por áreas de xestión e servizos municipais:

- Delegación de Medio Ambiente, Obras, Ecoloxía, e as específicas que sexan determinadas puntualmente pola Alcaldía: á concelleira Manuela Méndez Álvarez.
- Delegación de Réxime Interior, Emprego e Formación, e as específicas que sexan determinadas puntualmente pola Alcaldía: ao concelleiro Alfredo Antonio Fernández Casas.
- Delegación de Innovación e Emprendemento, Zona Rural, e as específicas que sexan determinadas puntualmente pola Alcaldía: ao concelleiro Adrián Arias Díaz.
- Delegación de Asuntos Sociais e Igualdade, Sanidade, e as específicas que sexan determinadas puntualmente pola Alcaldía: á Concelleira M^a Concepción Pilar Armada Carrete.
- Delegación de Deportes, Turismo, e as específicas que sexan determinadas puntualmente pola Alcaldía: ao concelleiro David Rodríguez Pernas.
- Delegación de Seguridade Cidadá, e as específicas que sexan determinadas puntualmente pola Alcaldía: ao concelleiro José Manuel Balseiro Orol.

TERCEIRO.- Confírese a delegación de firma a favor de:

M^a Concepción Pilar Armada Carrete nos seguintes supostos:

-Autorización de uso dos locais municipais

Manuela Méndez Álvarez nos seguintes supostos:

- Certificacións do Padrón Municipal de Habitantes.
- Certificacións e notificacións de acordos plenarios e dos órganos de goberno.
- Tramitación de expedientes sancionadores en materia de tráfico.
- Expedientes de autorización para ocupación do dominio público relativos aos valos/estadas/plataformas elevadoras e autorizacións similares.

David Rodríguez Pernas nos seguintes casos:

- Autorización de uso dos locais municipais deportivos.

CUARTO.- As delegacións de atribucións nos concelleiros abranguen a facultade de dirixir e xestionar os servizos correspondentes, pero non inclúiran a facultade de resolver fronte a terceiros mediante actos administrativos e sen autorización do gasto.

QUINTO.- As atribucións delegadas deberanse exercer nos termos e dentro dos límites desta delegación, non sendo susceptibles de ser delegadas polos seus titulares noutro órgano ou concelleiro. E neste caso a Alcaldía poderá mandar ás distintas delegacións determinadas funcións específicas que sexan determinadas puntualmente pola Alcaldía.

Terase a obriga de manter informado puntualmente á Alcaldía das resolucións que se adopten por delegación.

SEXO.- Estas delegacións, de conformidade co disposto polo artigo 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, terán efecto dende o día seguinte á data de notificación deste Decreto aos concelleiros afectados, sen prexuízo da potestade de avocación desta Alcaldía.

SÉTIMO.- Notificar este decreto aos concelleiros afectados, entendéndose aceptada a competencia delegada de forma tácita se, dentro do prazo das 24 horas seguintes, non se manifesta nada en contra ou se fai uso da delegación.

OITAVO.- Dar conta ao Pleno na primeira sesión que teña lugar do presente Decreto, que producirá efecto dende o día seguinte ao da súa data sen prexuízo da súa preceptiva publicación no BOP, conforme o disposto no art. 44 do RD 2568/1986 e notificación ás persoas designadas.

Cervo, 4 de xullo de 2023.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 2137

Anuncio

O Pleno do Concello de Cervo, na sesión extraordinaria do día 30 de xuño de 2023, acordou, por maioría absoluta dos membros da Corporación, os seguintes acordos organizativos que se publican en extracto en cumprimento da normativa vixente:

-Creación da Xunta de Goberno Local e delegación de competencias do Pleno nela, a saber:

(...)

PRIMEIRO.- A creación da Xunta de Goberno Local do Concello de Cervo.

SEGUNDO.- Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes competencias do Pleno, en virtude do artigo 22.2 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local:

1º.- O exercicio das accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materia de competencia plenaria.

2º.- A declaración de lesividade dos actos do Concello.

3º.- A concertación das operacións de tesourería cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por 100 dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior.

4º.- O recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non exista dotación orzamentaria, en virtude do artigo 23.2 do Texto Refundido de Réxime Local.

5º.- A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.

6º.- As competencias que como órgano de contratación corresponden ó Pleno, respecto dos contratos non mencionados no apartado 1 da Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

* Contratos de obras, de subministro, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais, e os contratos privados cando o seu importe supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento e, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración sexa superior a catro anos e os plurianuais de menor duración sempre que o importe acumulado de todas as anualidades supere o porcentaxe indicado, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio e, en todo caso, cando sexa superior a contía sinalada.

*Autorizar a redacción e licitación de proxectos independentes relativos a cada unha das partes dunha obra cuxo período de execución exceda a o dun orzamento anual, sempre que estas sexan susceptibles de utilización separada no sentido do uso xeral ou do servizo, ou poidan ser substancialmente definidas.

*Celebrar contratos privados, as adjudicacións de concesións sobre os bens da Corporación e a adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial, así como a enaxenación do patrimonio cando o seu valor supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento e o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor supere o porcentaxe e a contía indicados, e dos bens declarados de valor histórico ou artístico calquera que sexa o seu valor.

7º.- A autorización ou denegación de compatibilidade do persoal ao servizo da entidade local para un segundo posto ou actividade no sector público, así como a resolución motivada recoñecendo a compatibilidade ou declarando a incompatibilidade do citado persoal para o exercicio de actividades da entidade local, a que se refiren os artigos 9 e 14 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

TERCEIRO.- As delegacións referidas efectúanse nos termos do réxime xeral establecido no ROF, abarcando tanto as facultades de dirección e xestión como a de resolución mediante actos e acordos administrativos que afecten a terceiros.

-Periodicidade de sesións:

(...)

PRIMEIRO.- Que os Plenos ordinarios se celebren con periodicidade bimensual, segundo o seguinte calendario e horarios: o derradeiro xoves hábil dos meses de xaneiro, marzo, maio, xullo, setembro e novembro, ás vinte horas da tarde.

SEGUNDO.- Establece-la posibilidade de demora ou anticipo nunha semana da data de celebración das sesións ordinarias, se por causas debidamente xustificadas derivadas da ausencia da Alcaldía, da natureza dos asuntos a tratar, ou da coincidencia das datas con días festivos así resulte conveniente, e mantendo en todo caso o punto preceptivo de "Rogos e Preguntas" e de control dos órganos corporativos segundo a redacción dada ó apartado e) do art. 46.2 da Lei 7/1985 pola Lei 11/1999, de 21 de abril modificadora da mesma.

-Creación da Comisión Especial de contas:

(...)

PRIMEIRO.- A creación da Comisión Especial de Contas, que a tenor do apartado 3º do artigo 127 do ROF poderá actuar como Comisión Informativa permanente para os asuntos relativos a Economía e Facenda do Concello de Cervo.

SEGUNDO.- A Comisión Especial de Contas, informará e emitirá ditame, en todo caso no expediente de aprobación da Conta Xeral do Orzamento Municipal; no expediente de aprobación do orzamento municipal para

cada exercicio e nos expedientes de aprobación, modificación e derogación das ordenanzas fiscais, así como as modificacións orzamentarias que sexan de competencia plenaria.

TERCEIRO.- A composición da citada Comisión Especial de Contas, cúa presidencia corresponde Á Sra. Alcaldesa-Presidenta será a seguinte:

- 3 vocais designados polo Grupo Municipal do Partido Popular (os Sres. Concelleiros Dona Manuela Méndez Álvarez, Don Alfredo Antonio Fernández Casas e Dona M^a Concepción Pilar Armada Carrete).
- 1 vocal designado polo Grupo Municipal do PSdG- PSOE.
- 1 vocal designado polo Grupo Municipal do BNG.

CUARTO.- Ós efectos de constituír a citada Comisión coa maior brevidade posible, os portavoces dos grupos municipais do PSdG- PSOE e do BNG, deberán comunicar o nome do Concelleiro designado para formar parte da citada Comisión.

-Creación da Comisión de Urbanismo e Patrimonio.

(...)

PRIMEIRO.- A creación da Comisión de Urbanismo e Patrimonio, establecendo a periodicidade das sesións con carácter anual, como mínimo.

SEGUNDO.- A composición da citada Comisión de Urbanismo e Patrimonio, cúa presidencia corresponde Á Sra. Alcaldesa- Presidenta será a seguinte:

- 3 vocais designados polo Grupo Municipal do Partido Popular (os Sres. Concelleiros Dona Manuela Méndez Álvarez, Don Adrián Árias Díaz e Dona M^a Concepción Pilar Armada Carrete).
- 1 vocal designado polo Grupo Municipal do PSdG- PSOE.
- 1 vocal designado polo Grupo Municipal do BNG.

TERCEIRO.- Ós efectos de constituír a citada Comisión coa maior brevidade posible, os portavoces dos grupos municipais do PSdG- PSOE e do BNG, deberán comunicar o nome do Concelleiro designado para formar parte da citada Comisión.

-Dedicacións, indemnizacións, asistencias a membros da Corporación e indemnizacións a grupos municipais.

(...)

PRIMEIRO.-DEDICACIÓNS PARCIAIS.

-As áreas de "CULTURA, XUVENTUDE E FACENDA" será asumida pola Alcaldesa, Dona María Dolores García Caramés. Exerceráse en réxime de DEDICACIÓN PARCIAL de forma que se realice unha dedicación mínima de 145 horas ao mes, exercidas segundo as necesidades, que deberán ser xustificadas documentalmente. A DEDICACIÓN PARCIAL suporá unha retribución anual de 44.799,96 € brutos, divididos en catorce pagas iguais (doce ordinarias e dúas extraordinarias).

-A Delegación de "MEDIO AMBIENTE, OBRAS E ECOLOXIA, e as específicas que sexan determinadas puntualmente pola Alcaldía", será asumida por Dona Manuela Méndez Álvarez. Exerceráse en réxime de DEDICACIÓN PARCIAL de forma que se realice unha dedicación mínima de 128 horas ó mes, exercidas segundo as necesidades da Delegación e que deberán ser xustificadas documentalmente. A DEDICACIÓN PARCIAL suporá unha retribución anual de 23.799,96 € brutos, en catorce pagas iguais (doce ordinarias e dúas extraordinarias).

-A Delegación de "INNOVACIÓN E EMPRENDEMENTO, ZONA RURAL e as específicas que sexan determinadas puntualmente pola Alcaldía", será asumida por D. Adrián Arias Díaz. Exerceráse en réxime de DEDICACIÓN PARCIAL de forma que se realice unha dedicación mínima de 60 horas ó mes, exercidas segundo as necesidades da Delegación e que deberán ser xustificadas documentalmente. A DEDICACIÓN PARCIAL suporá unha retribución anual de 18.200,04 € brutos, en catorce pagas iguais (doce ordinarias e dúas extraordinarias).

TERCEIRO.-ASISTENCIA A ÓRGANOS COLEXIADOS.

A asistencia constitúe unha dieta ou honorario que se lle recoñece ós membros da Corporación que non perciben retribucións por dedicación parcial ou exclusiva pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que formen parte, na contía sinalada polo Pleno, segundo dispón o artigo 75.3 da LBRL. Sendo a retribución bruta a obter por asistencia a cada sesión, a seguinte:

- Por Pleno: 200 € por sesión.
- Por Xunta de Goberno Local: 200 € por sesión.

CUARTO.-INDEMNIZACIÓN POR RAZÓN DO SERVIZO.

O artigo 75.4 da LBRL sinala que teñen dereito a percibir indemnizacións polos gastos correspondentes a dietas por manutención, aloxamento e transporte con motivo de comisións de servizo, desprazamento fóra do termo municipal efectuados por razón do cargo e outros que correspondan a idéntica motivación sempre que sexan

debidamente autorizados e sexan xustificados documentalmente, tódolos membros da Corporación, incluídos os que desempeñen o cargo en réxime de dedicación exclusiva ou parcial.

Os correspondentes gastos serán aboados de conformidade coas disposicións contidas no RD 462/2002, de 24 de maio, sobre Indemnizacións por Razón do Servizo; así como as modificacións que poida sufrir, asimilando á alcaldesa e aos Concelleiros ó Grupo Primeiro a que se refire o Real Decreto citado.

QUINTO.-ASIGNACIÓN OS GRUPOS POLÍTICOS.

De conformidade co artigo 73.3 da LRBRL, propónse ao Pleno da Corporación a asignación, con cargo aos orzamentos anuais da mesma, ós tres grupos políticos da Corporación unha dotación económica trimestral que contará dun compoñente fixo ascendente a 20 € ó trimestre para cada grupo, e un variable, en función do número de membros de cada grupo, dunha contía de 200 € por concelleiro do grupo político. Esta asignación soamente poderá utilizarse para gastos de "funcionamento" do grupo, como son gastos de papelería, material de oficina, comunicacións, desprazamentos,...pero en ningún caso poderán destinarse a retribucións do persoal ao servizo do Concello, nin a adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial. O Grupo receptor da dotación económica virá obrigado a levar una contabilidade específica e render contas de seu emprego á Intervención Municipal ou poñelas a disposición do Pleno cando este así o requira. A efectos da súa xustificación perante o departamento de Intervención, será necesario aportar, en cada exercicio presupostario, as correspondentes facturas que foran emitidas a nome de cada grupo político da corporación municipal.

SEXTO.- Que se publique o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da Corporación, para que sexan de xeral coñecemento.

-Persoal eventual.

(...)

PRIMEIRO.- Determinar o número, características e retribucións do persoal eventual de confianza ou asesoramento especial para o mandato 2023-2027, mediante a creación do seguinte posto de persoal eventual de confianza ou asesoramento especial:

a) Denominación: "Persoal eventual en materia de difusión e información á xuventude e comunicación no eido local". (1 praza).

b) Características: Atribúenselle as tarefas de estratexia global de comunicación e relación directa cos medios e redes sociais, así como a comunicación e coordinación en relación coas actividades culturais, lúdicas e de lecer dirixidas á xuventude, así como calquera outra correspondente á súa categoría e propia da unidade correspondente.

c) Retribucións: 21.699,96 € brutos anuais e 7.215,24 € de Seguridade Social.

d) Dedicación: Exclusiva e no horario de traballo determinado en función das necesidades existentes.

SEGUNDO.- Modificar a plantilla de persoal do orzamento municipal para o exercicio 2023, que é o prorrogado de 2022, no senso de suprimir a praza existente de "Persoal eventual en materia de información e comunicación no eido local" e crear unha praza de persoal eventual coas seguintes características:

* Denominación do posto: "Persoal eventual en materia de difusión e información á xuventude e comunicación no eido local".

* Retribucións: 21.699,96 € brutos anuais e 7.215,24 € de Seguridade Social.

TERCERIO.- A exposición ao público, previo anuncio, no BOP por 15 días, durante os que os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno. A modificación considerarase definitivamente aprobada se durante o citado prazo non se tivesen presentado reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Cervo, 4 de xullo de 2023.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 2138

FRIOL
Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día tres de xullo do corrente, prestouse aprobación inicial ao seguinte padróns correspondentes ao segundo trimestre do ano 2023:

- Padrón da taxa polo abastecemento de auga e I.V.E sobre o seu consumo (incluído o canon da auga).

- Padrón da taxa pola recollida do lixo.
- Padrón da taxa polo tratamento e eliminación de residuos.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente, ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas e canon, indicados previamente, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no vixente Regulamento Xeral de Recadación e, no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, o comprendido entre o quince de agosto e o quince de outubro de dous mil vinte e tres, ambos inclusive.

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, o día un de setembro de dous mil vinte e tres, data na que deberán ter saldo suficiente.

O resto dos contribuíntes deberán acudir ás Oficinas Municipais, onde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar dito pago.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

No caso do canon da auga, según dispón o artigo 49.7 do Decreto 136/2012, de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento de dito canon, cando polos contribuíntes afectados non se fixera efectivo o canon da auga no período voluntario sinalado, esixírase directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, faise saber que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación mediante o padrón.

Friol, 4 de xullo de 2023.- O ALCALDE, José Ángel Santos Sánchez.

R. 2139

GUITIRIZ

Anuncio

DECRETOS DE NOMEAMENTOS DE TENENTES DE ALCALDESA, DELEGACIONES DA ALCALDIA EN CONCELEIROS/AS E DELEGACIÓN NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Alcaldesa-Presidenta do Concello de Guitiriz ditou os seguintes decretos organizativos cuxa parte dispositiva transcríbese a continuación:

<< **DECRETO DE 23/06/2023 e DE 26/06/2023. DELEGACIÓN DA ALCALDÍA EN CONCELEIROS/AS**

(...) RESOLVO:

PRIMEIRO.- Outorgar as delegacións que se sinalan nas seguintes materias competencia da Alcaldía:

A dona Paula Campo Barral, delegación da Área de Coordinación de Goberno, Réxime Interior e Medio ambiente.

A don Iván Morado Corral, delegación da Área de Xuventude e Deportes.

A don Carlos Plácido Buján López, delegación da Área de Medio Rural e Coordinación de Obras e Servizos nas parroquias.

A dona María Pilar Vázquez Ares, delegación da Área de Promoción e Dinamización Económica (turismo, consumo, hostalería e comercio)

A don Ramón Rivas Villares, delegación da Área de Cultura, Igualdade, Diversidade e Emprego.

A dona Sofía Sánchez Miragaya, delegación da Área de Integración, Promoción e Servizos Sociais.

SEGUNDO.- As delegacións comprenden todas aquelas facultades, dereitos e deberes referidos á materia delegada que corresponden ao órgano que ten asignadas orixinarmente as atribucións coa excepción das que segundo a Lei Reguladora de Bases de Réxime Local son materias non delegables. Os delegados terán amplas facultades para dirixir os asuntos obxecto de delegación así como para xestionalos en xeral, si ben as delegacións non inclúen a facultade de resolver mediante o ditado de actos administrativos que afecten a terceiros, facultade esta que queda reservada ao órgano resolutorio que legalmente corresponda. As facultades que se delegan son a dirección interna dos servizos correspondentes e a xestión en xeral dos asuntos con eles relacionados, con facultades de estudo e proposta dos asuntos. A delegación inclúe a dirección dos actos ordinarios de trámite administrativo e ordenar a tramitación de expedientes en materias incluídas dentro do ámbito da delegación.

TERCEIRO.- A delegación de atribucións requirirá, para ser eficaz, a súa aceptación por parte do/a delegado/a. A delegación entenderase aceptada tacitamente se no termo de tres días hábiles contados desde a notificación do acordo o/a membro ou órgano destinatario da delegación non fai manifestación expresa ante o órgano delegante de que non acepta a delegación. A revogación ou modificación das delegacións haberán de adoptarse coas mesmas formalidades que as esixidas para o seu outorgamento.

CUARTO.- O presente Decreto entrará en vigor o día seguinte á súa firma, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo, notificarase persoalmente aos designados, debendo dar conta do mesmo ao Pleno Municipal na primeira sesión que celebre ao abeiro do preceptuado no artigo 38 do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.>>

<<DECRETO DE 26/06/2023. NOMEAMENTOS TENENTES DE ALCALDESA

(...) RESOLVO:

PRIMEIRO. - Nomear Tenentes de Alcaldesa aos seguintes concelleiros e concelleiras:

Dona Paula Campo Barral, primeira tenente de alcaldesa.

Don Iván Morado Corral, segundo tenente de alcaldesa.

Don Carlos Plácido Bujan López, terceiro tenente de alcaldesa.

SEGUNDO.- Aos tenentes de alcaldesa corresponderalles substituír á Alcaldía na totalidade das súas funcións e por orde do seu nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que o imposibilite para o exercicio das súas atribucións. Exercerán as competencias previstas no artigo 47 do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, nos termos que no mesmo se detallan, e coas limitacións impostas polo artigo 48 do mesmo texto legal. Todo elo, sen prexuízo daquelas outras competencias que lle podan ser atribuídas por delegación, consonte coa normativa legal en vigor.

TERCEIRO.- O presente Decreto entrará en vigor o día seguinte á súa firma, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo, notificarase persoalmente aos designados, debendo dar conta do mesmo ao Pleno Municipal na primeira sesión que celebre ao abeiro do preceptuado no Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.>>

<<DECRETO DE 28/06/2023. NOMEAMENTO DOS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DELEGACION DE ATRIBUCIONS NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

(...) RESOLVO:

PRIMEIRO.- Constituír a Xunta de Goberno Local, órgano colexiado municipal de carácter resolutivo, que estará integrada polos seguintes concelleiros e concelleiras da Corporación:

Presidenta:

Dona María Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa.

Vogais:

Dona Paula Campo Barral, primeira tenente de alcaldesa.

Don Iván Morado Corral, segundo tenente de alcaldesa.

Don Carlos Plácido Bujan, terceiro tenente de alcaldesa.

Dona Sofía Sánchez Miragaya.

SEGUNDO.- A Xunta de Goberno Local terá asignada as seguintes atribucións:

a) A asistencia permanente á Alcaldía no exercicio das súas atribucións.

b) As atribucións que a Alcaldía lle delega, que son as seguintes:

1. En materia económica:

-O recoñecemento e liquidación de obrigas económicas (fase O) a partir de 10.000 euros, así como a ordenación de pagos (fase P) de todas as obrigas recoñecidas pola Xunta de Goberno, de conformidade coa Lei reguladora das facendas locais, as disposicións de desenvolvemento, e as bases de execución do orzamento municipal.

- A aprobación das bases e convocatorias para ou outorgamento de subvencións e axudas económicas de todo tipo; e o outorgamento das mesmas, estean ou non previstas no orzamento municipal.

-Aprobación das modificacións orzamentarias de competencia de alcaldía.

2. En materia de persoal:

- A aprobación da oferta de emprego público de acordo co orzamento e a plantilla aprobados polo Pleno.

-A incoación e resolución de expedientes disciplinarios aos empregados públicos municipais conforme á normativa de aplicación, e a adopción das medidas cautelares que procedan.

3. En materia de urbanismo e obras:

- A aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do plan xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

- A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento.

-O outorgamento de licenzas urbanísticas de actividades e obras maiores, obras de edificación, licenzas de segregación ou parcelación, e licenzas de primeira ocupación ou primeira instalación; así como as liquidacións ou autoliquidacións tributarias que levan asociadas, sen prexuízo da fiscalización posterior por intervención municipal.

- A incoación e resolución de expedientes de disciplina urbanística, tanto sancionadores como de reposición da legalidade urbanística.

4. En materia de contratación administrativa:

- As contratacións de obras, de subministracións, de servizos, de xestión de servizos públicos, contratos administrativos especiais, e os contratos privados cando o seu importe non supere o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, engadidos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos. Deléganse as facultades de aprobación do expediente (pregos e gasto) e adxudicación do contrato, correspondendo á alcaldía, por motivos de eficacia e celeridade administrativa, o resto de facultades e trámites previos e posteriores.

- As concesións sobre bens e adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como a alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere o porcentaxe ni a contía indicados. Deléganse as facultades de incoación do expediente, aprobación do expediente (pregos e gasto) e adxudicación do contrato, correspondendo á alcaldía, por motivos de eficacia e celeridade administrativa, o resto de facultades e trámites previos e posteriores.

-Os contratos menores corresponderan á alcaldía por motivos de eficacia e celeridade administrativa.

5. En materia de servizos sociais:

-Aprobación das altas, baixas e modificación de horarios dos usuarios dos servizos municipais de Punto de Atención á Infancia, Servizo de Axuda no Fogar e Centro de Día, así como as liquidacións tributarias que levan asociadas, sen prexuízo da fiscalización posterior por intervención municipal.

Sen prexuízo do anterior, a Alcaldía resérvase a avogación daqueles asuntos que polas súas características particulares ou pola súa urxencia tiveran que resolverse con prontitude e celeridade.

TERCEIRO.- Consonte co disposto no artigo 112 do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, a Xunta de Goberno Local celebrará sesión constitutiva, dentro dos dez días seguintes á data de nomeamento dos seus membros.

Ao abeiro do antedito precepto, a Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria todos os mércores hábiles, ás 10.30 horas. De non reunirse quórum suficiente ou de ser festivo o día sinalado, celebraranse en segunda convocatoria o primeiro día hábil seguinte á mesma hora. Cando por necesidades municipais ou por motivo de axenda dos membros do órgano non se poda celebrar sesión na data correspondente, a alcaldía poderá convocala para outra data.

CUARTO.- O presente Decreto entrará en vigor o día seguinte á súa firma, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo, notificarase persoalmente aos designados, debendo dar conta do mesmo ao Pleno Municipal na primeira sesión que celebre ao abeiro do preceptuado no Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.>>

Guitiriz, 4 de xullo de 2023.- A alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 2140

NEGUEIRA DE MUÑIZ

Anuncio

En cumprimento do establecido no artigo 97 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de réxime local, faise público que por resolución de Alcaldía de data 4/07/2023 aprobáronse as "BASES QUE REXERÁN A SELECCIÓN DE CATRO PEÓNS E UN CAPATAZ PARA A BRIGADA MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS. A partires do día seguinte á publicación deste anuncio no BOP, os candidatos disporán dun prazo de cinco (5) días hábiles para presentación de solicitudes. O texto íntegro da citada Resolución de Alcaldía e as Bases poderán consultarse no taboleiro de anuncios do concello e nawareb www.concellodenegueira.es

Negueira de Muñiz, 3 de xullo de 2023.- O Alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 2141

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

DESEMPEÑO DO CARGO DE ALCALDE CON DEDICACIÓN PARCIAL

O Concello de Pedrafita do Cebreiro, no pleno celebrado en sesión extraordinaria organizativa, o día 26 de xuño de 2023, adoptou os seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a dedicación parcial do 75% ao cargo de Alcalde, cunhas retribucións brutas de 2.489,14 euros mensuais por 14 pagas ao ano (34.847.96 euros anuais) e a correspondente alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, con efectos retroactivos ao día 17 de xuño de 2023, data na que tomou posesión do cargo de Alcalde.

SEGUNDO.- Proceder á publicación do presente acordo no BOP de Lugo aos efectos do disposto no artigo 75.5 da Lei 5/85, de 2 de abril, reguladoras de Bases de Réxime Local.

Pedrafita do Cebreiro, 27 de xuño de 2022.- O alcalde, José Luis Raposo Magdalen.

R. 2142

Anuncio

RÉXIME DE ASISTENCIA E INDEMNIZACIÓN DOS CARGOS PÚBLICOS

O Concello de Pedrafita do Cebreiro, no pleno celebrado en sesión extraordinaria organizativa o día 26 de xuño de 2023, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Manter as contías anteditas en concepto de asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación de que formen parte, dos membros das Corporación que non teñan dedicación:

CONCEPTO	CONTÍA
Asistencia Plenos	80,00 €/Sesión
Asistencias Xunta de Goberno local e calquera outro órgano colexiado	60,00 €/Sesión

SEGUNDO.- Proceder á publicación do presente acordo no BOP de Lugo aos efectos do disposto no artigo 75.5 da Lei 5/85, de 2 de abril, reguladoras de Bases de Réxime Local.

Pedrafita do Cebreiro, 27 de xuño de 2022.- O alcalde, José Luis Raposo Magdalen.

R. 2143

*Anuncio***DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.**

O Concello de Pedrafita do Cebreiro, no pleno celebrado en sesión extraordinaria organizativa o día 26 de xuño de 2023, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Delegar na Xunta de Goberno Local o exercicio das seguintes competencias:

- O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias da competencia plenaria.
- As contratacións e concesións de competencia plenaria.
- A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.

SEGUNDO.- Dar conta á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que celebre e publicar o acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no Taboleiro de Anuncios do Concello.

Pedrafita do Cebreiro, 27 de xuño de 2022.- O alcalde, José Luis Raposo Magdalen.

R. 2144

POL*Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía, de data 3 de xullo de 2023, procedeuse á aprobación do Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de xuño de 2023, que se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte ao da súa publicación, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes.

Dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos, ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Pol, 3 de xullo de 2023.- O Alcalde, Lino Rodriguez Ónega.

R. 2145

RIBADEO*Anuncio*

Secretaría Xeral.02

Expediente núm. 1027/2023

RESOLUCIÓN DA ALCALDIA-PRESIDENCIA.-

Visto expediente tramitado para selección de persoal laboral fixo, un oficial albanel.

Vistas as solicitudes formuladas para participación nas probas selectivas, durante o prazo regulamentario establecido ao efecto.

RESOLVO:

1º. Prestar aprobación á seguinte lista de **admitidos e excluídos** ao proceso selectivo de referencia.

ADMITIDOS**Apelidos e nome****Idioma Galego**

Díaz Alvarez, Baldomero	Aporta CELGA
Lastra Fernández, Antonio	Aporta CELGA
López Iglesias, Julio Jesus	Aporta CELGA
Balsa Martínez, Cándido	Non aporta CELGA (procede exame)

EXCLUÍDOS**Ningún**

2º.- Outorgar prazo para reclamacións ou alegacións e para subsanación de erros por 10 días hábiles a contar da publicación no BOP de Lugo.

De non se presentar a listaxe quedará elevada a definitiva.

Mandao e asinao o Sr. Alcalde, en Ribadeo a data sinatura electrónica, do que eu Secretario en funcións dou fe.

Ribadeo, 28 de xuño de 2023.- O ALCALDE, DANIEL VEGA PEREZ. O SECRETARIO E. F. JOSÉ RODIL VEIGA.

R. 2146

RIOTORTO*Anuncio***Delegación de competencias en Concelleiros e membros Xunta de Goberno**

En data 27/06/2023 polo Sr. Alcalde adoptouse a seguinte resolución sobre delegación de atribucións nos membros da Xunta de Goberno e Concelleiros:

“En uso das facultades que me foron conferidas polos artigos 61.3 da Lei 5/97, de 22 de Xullo de Administración Local de Galicia, 21.3 e 23.4 da Lei 7/85 do 2 de Abril e 43.3 e 43.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por RD 2568/86, de 28 de Novembro, veño en acordar:

Delegar no Primeiro Tenente Alcalde Don José Luis Lourido López de forma específica ás atribucións desta Alcaldía en materia de Servizos Sociais e Emprego.

Delegar no Segundo Tenente Alcalde Don Manuel Rivas Bouza de forma específica ás atribucións desta Alcaldía en materia de Infraestruturas e Medio Ambiente.

Delegar no Concelleiro Don Manuel Pacio Iglesias de forma específica ás atribucións desta Alcaldía en materia de Agricultura e Gandería.

Delegar no Concelleiro Don José Luis Lourido Carballeira de forma específica as atribucións desta Alcaldía en materia de Cultura e Deportes.

Delegar na Concelleira Dona Olga Maseda García de forma específica as atribucións desta Alcaldía en materia de Educación, Turismo e Participación veciñal.

As referidas delegacións son xenéricas e abranguen as facultades de dirixir e xestionar os servizos correspondentes, sen capacidade de resolución.

A presente resolución producirá efectos dende o día 28 de xuño de 2023 ata a súa renuncia polo delegado ou revogación da delegación.

Así mesmo darase conta o Pleno desta resolución e aos interesados publicándose no BOP e no Taboleiro de Anuncios.

Decrétao, manda e asina D. Clemente Iglesias González, Alcalde-Presidente deste Concello, en Riotorto a vinte e sete de xuño de dous mil vinte e tres, de todo o cal, eu, secretario, certifico.”

Riotorto, 4 de xullo de 2023.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 2147

*Anuncio***Nomeamento de membros da Xunta de Goberno e delegacións na mesma**

En data 27/06/2023 polo Sr. Alcalde adoptouse a seguinte resolución sobre nomeamento de membros da Xunta de Goberno e delegacións de atribucións na mesma:

“Habéndose acordado crear a Xunta de Goberno Local polo Pleno en sesión extraordinaria celebrada o día 23 de xuño de 2023 e en uso das facultades que me foron conferidas polos artigos 65.1 da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, 23.1 da Lei 7/85, do 2 de Abril e 41.3 e 52.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de Novembro, veño en

nomear membros da Xunta de Goberno Local os concelleiros D. José Luis Lourido López, Don Manuel Rivas Bouza e Don Manuel Pacio Iglesias.

Do citado nomeamento darase conta ós interesados e o Pleno, publicándose, así mesmo, no BOP e sendo efectiva a presente resolución dende o día 28 de xuño de 2023.

Así mesmo, en uso das facultades que me foron conferidas polos artigos 61.3 da Lei 5/97 citada, 21.3 da Lei 7/85 e 43.2 e 52.5 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño en delegar na Xunta de Goberno Local ás seguintes atribucións:

- Outorgamento de licenzas de obras salvo que ás leis ás atribúan o Pleno.

Queda exceptuada desta delegación o outorgamento das licenzas de primeira ocupación.

- Aprobación dos padróns de impostos, taxas e prezos públicos sempre que corresponda por Lei ou por Ordenanza a súa aprobación pola Alcaldía.
- Aprobación de gastos que excedan de 6000 € e non excedan das competencias da Alcaldía.
- Aprobar ás bases das probas para a selección de persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo.
- Contratacións de obras, de subministros, de servizos, os contratos de concesión de obras públicas, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento, nin, en calquera caso, a contía de 6.000.000 euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas, incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.
- A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos nos presuposto.

Así mesmo veño en acordar que se de conta ao Pleno desta Delegación de atribucións e publíquese no BOP, entrando en vigor o día 28 de xuño de 2023.

Decrétao, manda e asina D. Clemente Iglesias González, Alcalde-Presidente deste Concello, en Riotorto a vinte e sete de xuño de dous mil vinte e tres, de todo o cal, eu, secretario, certifico."

Riotorto, 4 de xullo de 2023.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 2148

Anuncio

Nomeamento de Tenentes de Alcalde

En data 27/06/2023 polo Sr. Alcalde adoptouse a seguinte resolución sobre nomeamento de Tenentes de Alcalde:

"En uso das facultades que me foron conferidas polos artigos 61.2 e 62.1 da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, 21.2 e 23.3 da Lei 7/85, do 02 de Abril e 41.3 e 46.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de Novembro, veño en nomear Tenentes de Alcalde os seguintes Concelleiros:

Primeiro Tenente de Alcalde: D. JoséLuis Lourido López

Segundo Tenente de Alcalde: D. Manuel Rivas Bouza.

Terceiro Tenente de Alcalde: D. Manuel Pacio Iglesias

Aos Tenentes de Alcalde nomeados, logo da aceptación do seu cargo, correspóndelles en canto tales, substituír o Alcalde na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite este para o exercicio das súas atribucións.

Así mesmo e de conformidade co disposto no artigo 46.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño en acordar que se de conta do seu nomeamento ó Pleno e os interesados e que se publique a presente resolución non BOP e no Taboleiro de Anuncios sendo efectiva dende o día 28 de xuño de 2023.

Decrétao, manda e asina D. Clemente Iglesias González, Alcalde-Presidente deste Concello, en Riotorto a vinte e sete de xuño de dous mil vinte e tres, de todo o cal, eu, secretario, certifico."

Riotorto, 4 de xullo de 2023.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 2149

VILALBA

Anuncio

Procedemento: Delegacións e avogacións de competencias

Expediente número: 2813/2023

Asunto: Publicación da resolución de Alcaldía mediante o cal procédese á determinación de delegacións xerais de servizos a favor de concelleiros.

Por Resolución de Alcaldía número 2023-0436 e data do 30 de xuño do 2023 acordouse determinación de delegacións xerais de servizos a favor de concelleiros, contando esta resolución co seguinte tenor literal:

A Corporación municipal como consecuencia das eleccións locais celebradas o pasado 28 de maio de 2023 quedou constituída na sesión celebrada en data 17 de xuño de 2023. Neste senso, estímase procedente deseñar un novo réxime de organización e funcionamento deste Concello, no que participen da xestión os concelleiros electos.

Visto o informe de Secretaría con código 2023-0262 e data do 29 de xuño do 2023 relativo á delegación de competencias en concelleiros, así coma na Xunta de Goberno Local, efectuado a petición deste órgano.

Considerando que o artigo 21.1 letra b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, outorga á Alcaldía da Corporación a competencia delegable da representación do Concello.

Visto que de conformidade do disposto no artigo 43.3 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF, de agora en máis) «O Alcalde pode delegar o exercicio de determinadas atribucións nos membros da Comisión de Goberno, e, onde esta non exista, nos Tenentes de Alcalde, sen prexuízo das delegacións especiais que, para labores específicos, poida realizar en favor de calquera Concelleiros, aínda que non pertencesen a aquela Comisión».

Considerando adecuado por este órgano de goberno efectuar unha serie de delegacións xerais de áreas de goberno concretas incluíndo a autorización e disposición de gastos, as facultades de dirección e xestión dos servizos correspondentes, así como a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros e a resolución de recursos de reposición que se interpoñan contra os ditos actos, aos efectos de garantir a maior eficiencia na xestión das referidas áreas.

No uso das atribucións conferidas no artigo 43 e seguintes do ROF, así coma o artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL, no sucesivo), dispoño:

PRIMEIRO. Realizar, a favor dos concelleiros que a continuación se sinalan, as delegacións xerais seguintes:

- don Modesto Renda Santiso, Concelleiro de urbanismo, mobilidade, infraestruturas rurais e desenvolvemento industrial;
- dona Tamara Rodríguez López, Concelleira de Cultura.

SEGUNDO. As delegacións das distintas Áreas de Goberno entre os concelleiros e as concelleiras na forma e co alcance que a continuación se especifica, incluíndo a autorización e disposición de gastos, as facultades de dirección e xestión dos servizos correspondentes, así como a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros e a resolución de recursos de reposición que se interpoñan contra os ditos actos.

1- No concelleiro e membro da Xunta de Goberno Local, don Modesto Renda Santiso, o exercicio das seguintes atribucións en relación coa Área de urbanismo, mobilidade, infraestruturas rurais e desenvolvemento industrial, que comprenderá en todo caso a dirección da área municipal encargada do plan, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do Patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.

En todo caso, e máis concretamente, comprenderá:

1.1 As competencias en materia urbanística comprenderán as seguintes funcións:

- A intervención na edificación e uso do chan previstas no Título VI Capítulo II da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia;
- A disciplina urbanística prevista na Título VI Capítulo III da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

- O planeamento urbanístico e xestión; comprende: planeamento urbanístico, xestión urbanística, arqueoloxía, e expropiacións urbanísticas. En todo caso, non contará coa capacidade relativa ás aprobacións dos instrumentos de plan de desenvolvemento do plan xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización, en tanto trátase dunha competencias non delegable, segundo o disposto no artigo 21. 3 da LRBRL.

1.2 As competencias en materia de mobilidade comprenderán as seguintes funcións: Tráfico, estacionamento de vehículos.

1.3 As atribucións competenciales en materia de infraestruturas rurais implicará a capacidade de proceder á aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente a Alcaldía para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento.

A competencia citada implicará en todo caso a capacidade do Concelleiro para propoñer ao órgano de contratación á aprobación, e adxudicación das obras, servizos ou subministracións da súa competencia en materia de acceso a núcleos de poboación, de conformidade cos servizos mínimos contidos no artigo 26.1 letra a da LRBRL.

Ostentará, en todo caso, as facultades coma órgano de contratación nos contratos considerados menores, nos termos indicados no artigo 118 na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014

As competencias na presente área implicarán as habilitacións legais outorgadas á Alcaldía na actividade de fomento nos termos indicados na Ordenanza Xeral de Subvencións publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincial número 126 do 3 de xuño do 2023. Concretamente, ostentará as competencias de concesión (artigo 8, 27 e 29), e aprobación da convocatoria nas subvencións de concorrencia competitiva (artigo 18).

2- Na concelleira e membro da Xunta de Goberno Local, dona Tamara Rodríguez López o exercicio das seguintes atribucións en relación coa Área de cultura que comprenderá en todo caso a dirección da área municipal encargado da Información e promoción da actividade cultural de interese e ámbito local.

A competencia citada implicará en todo caso a capacidade do Concelleiro para propoñer ao órgano de contratación á aprobación, e adxudicación dos servizos e subministracións da súa competencia en materia de cultura.

Ostentará, en todo caso, as facultades coma órgano de contratación nos contratos considerados menores, nos termos indicados no artigo 118 na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014

As competencias na presente área implicarán as habilitacións legais outorgadas á Alcaldía na actividade de fomento nos termos indicados na Ordenanza Xeral de Subvencións publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincial número 126 do 3 de xuño do 2023. Concretamente, ostentará as competencias de concesión (artigo 8, 27 e 29), e aprobación da convocatoria nas subvencións de concorrencia competitiva (artigo 18).

TERCEIRO. Notificar o presente decreto aos concelleiros afectados, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do concello.

CUARTO. Dar traslado da presente resolución ao Libro de Decretos da Corporación, así coma dar conta do contido da mesma ao Pleno da Corporación na seguinte sesión ordinaria que se celebre, todo elo de conformidade co artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba ou Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, así coma en virtude do imperativo contido no artigo 38 do referido regulamento para os efectos do establecido no artigo 46.1 da devandita norma legal.

Vilalba, 3 de xullo do 2023.- A alcaldesa, Elba Veleiro Fernández.

R. 2150

Anuncio

Procedemento: Delegacións e avogacións de competencias

Expediente número: 2813/2023

Asunto: Publicación da resolución de Alcaldía mediante o cal procédese á determinación de delegacións especiais de dirección e xestión interna de servizos a favor de concelleiros.

Por Resolución de Alcaldía número 2023-0437 e data do 30 de xuño do 2023 acordouse determinación de delegacións especiais de dirección e xestión interna de servizos a favor de concelleiros, contando esta resolución co seguinte tenor literal:

A Corporación municipal como consecuencia das eleccións locais celebradas o pasado 28 de maio de 2023 quedou constituída na sesión celebrada en data 17 de xuño de 2023. Neste senso, estímase procedente deseñar un novo réxime de organización e funcionamento deste Concello, no que participen da xestión os concelleiros electos.

Visto o informe de Secretaría con código 2023-0262 e data do 29 de xuño do 2023 relativo á delegación de competencias en concelleiros, así coma na Xunta de Goberno Local, efectuado a petición deste órgano.

Considerando que o artigo 21.1 letra b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, outorga á Alcaldía da Corporación a competencia delegable da representación do Concello.

Visto que de conformidade do disposto no artigo 43.3 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF, de agora en máis) «O Alcalde pode delegar o exercicio de determinadas atribucións nos membros da Comisión de Goberno, e, onde esta non exista, nos Tenentes de Alcalde, sen prexuízo das delegacións especiais que, para labores específicos, poida realizar en favor de calquera Concelleiros, aínda que non pertencesen a aquela Comisión».

Considerando adecuado por este órgano de goberno efectuar unha serie de delegacións especiais en favor de determinados concelleiros, pertencen ou non á Xunta de Goberno, para levar a termo labores específicas de representación municipal, dirección e xestión interna dos servizos en áreas de goberno consideradas clave polo grupo de goberno.

No uso das atribucións conferidas no artigo 43 e seguintes do ROF, así coma o artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, dispoño:

PRIMEIRO. Realizar, a favor dos concelleiros que a continuación se sinalan, as delegacións especiais seguintes:

- A Marta María Rouco Seoane a dirección das áreas de economía e facenda, servizos sociais e igualdade;
- A Eduardo Vidal Baamonde a dirección das áreas de servizos públicos municipais, réxime interno e seguridade cidadá;
- A María Xosé Fernández Pardo a dirección das áreas de comercio, turismo, e promoción da lingua;
- A Paula Vigo Lamas a dirección das áreas de feiras e mercados, educación, infancia e xuventude;
- A Luis Fernández Álvarez a dirección das áreas de infraestruturas urbanas, medio ambiente, e espazos naturais.

As delegacións de área citadas implicarán en todo caso a capacidade do Concelleiro para propoñer ao órgano competente, a aprobación dos expedientes da súa titularidade competencial.

SEGUNDO. As delegacións especiais, efectuadas no apartado anterior, enténdense conferidas como delegacións da dirección e xestión interna dos servizos, pero non inclúen a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros. Este nomeamento causará efectos desde o día seguinte ao da súa sinatura, que se considerará aceptada tacitamente, salvo manifestación expresa.

TERCEIRO. Notificar o presente decreto aos concelleiros afectados, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do concello.

CUARTO. Dar traslado da presente resolución ao Libro de Decretos da Corporación, así coma dar conta do contido da mesma ao Pleno da Corporación na seguinte sesión ordinaria que se celebre, todo elo de conformidade co artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba ou Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, así coma en virtude do imperativo contido no artigo 38 do referido regulamento para os efectos do establecido no artigo 46.1 da devandita norma legal.

Vilalba, 3 de xullo do 2023.- A alcaldesa, Elba Veleiro Fernández.

R. 2151

Anuncio

Procedemento: Delegacións e avogacións de competencias

Expediente número: 2815/2023

Asunto: Publicación da resolución de Alcaldía procedendo á delegación de competencias na Xunta de Goberno Local.

Por Resolución de Alcaldía número 2023-0435 e data do 30 de xuño do 2023 acordouse a formalización da súa composición e delegación de competencias na Xunta de Goberno Local, contando esta resolución co seguinte tenor literal:

A Corporación municipal como consecuencia das eleccións locais celebradas o pasado 28 de maio de 2023 quedou constituída na sesión celebrada en data 17 de xuño de 2023.

Visto o informe de Secretaría con código 2023-0262 e data do 29 de xuño do 2023 relativo á delegación de competencias en concelleiros, así coma na Xunta de Goberno Local, efectuado a petición deste órgano.

Considerando que, de conformidade co disposto no artigo 20.1 letra b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL, no sucesivo), así coma o artigo 59.2.b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG) neste concello resulta preceptiva a creación da Xunta de Goberno Local.

Observando adecuada, por este órgano, a creación do referido órgano colexiado aos efectos de asistir ao infraescrito no exercicio das súas atribucións, e acordada sendo preceptiva a súa creación segundo a normativa en réxime local.

Visto que segundo o artigo 23.1 da LRBRL a Xunta de Goberno Local encontrase integrada polo Alcalde e un número de persoas concelleiras non superior a un tezo do número legal da composición da Corporación.

Visto que o número de concelleiros desta Corporación é de dezasete (17) segundo o disposto no artigo 179.1 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral, resulta, por tanto que o número máximo de persoas concelleiras que poden integrar a Xunta de Goberno Local será de seis (6).

Considerando o indicado polo artigo 23 da LRBRL, que establece que corresponde á Xunta de Goberno Local a asistencia ao Alcalde no exercicio das súas atribucións e as atribucións que o Alcalde ou outro órgano municipal deleguille ou lle atribúan as leis.

Á vista do réxime básico da delegación de competencias está regulado no artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (norma básica ex Disposición final 14ª) que establece que «Os órganos das diferentes Administracións Públicas poderán delegar o exercicio das competencias que teñan atribuídas noutros órganos da mesma Administración, aínda cando non sexan xerarquicamente dependentes(...)».

No ámbito local, o artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, establece que o Alcalde pode delegar o exercicio das súas competencias, salvo aquelas expresamente declaradas como indelegables. Leste mesmo artigo precisa que o Alcalde pode delegar na Xunta de Goberno Local o exercicio das atribucións sobre aprobación dos instrumentos de plan de desenvolvemento do plan xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, e a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización

Visto o artigo 43 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, establece que o Alcalde pode efectuar delegacións en favor da Comisión de Goberno (hoxe Xunta de Goberno Local), como órgano colexiado. Neste mesmo artigo precisa que neste caso os acordos que tome a Xunta nas materias delegadas terán o mesmo valor que as resolucións que dite o Alcalde en exercicio das atribucións que non delegase, sen prexuízo da súa adopción conforme ás regras de funcionamento da Comisión.

En virtude do exposto, vistos os antecedentes e as normas de aplicación ao caso que nos ocupa, no exercicio das potestades atribuídas a este órgano, resolvo o que segue:

PRIMEIRO. Tomar razón da constitución da Xunta de Goberno Local, que estará presidida pola persoa infraescrita e integrada por cinco persoas concelleiras que se indican a continuación:

- Modesto Renda Santiso;
- Marta María Rouco Seoane;
- Eduardo Vidal Baamonde;
- Tamara Rodríguez López;
- Luis Fernández Álvarez.

SEGUNDO. Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes competencias de titularidade do órgano da Alcaldía:

En materia de contratación:

- As competencias coma órgano de contratación outorgadas á Alcaldía segundo a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, agás nos trámites simplificados de contratación descritos no artigo 118 da referida norma;
- As resolucións que corresponda ditar nos procedementos de contratación pública en materia de adxudicación, modificación, interpretación e extinción dos contratos nos que a Alcaldía sexa o órgano de contratación.

En materia de patrimonio:

- A aprobación das bases do concurso e adxudicación de concesións sobre os bens da Entidade e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o orzamento basee de licitación, nos

termos definidos no artigo 100.1 da Lei de Contratos do Sector Público, non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento, nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.

➤ O alleamento, gravame e permuta do patrimonio, incluídas as parcelas sobrantas e os efectos non utilizables, cando o seu valor non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento, e os tres millóns de euros, e non requiran para a súa aprobación unha maioría especial;

En materia de persoal:

➤ A aprobación da oferta de emprego público de conformidade co orzamento e o anexo de persoal aprobados polo Pleno da Corporación;

➤ A aprobación das bases reguladoras e a convocatoria dos procesos selectivos e os procesos de provisión de postos de traballo;

➤ A ordenación da instrución e resolución de expedientes disciplinarios e apercibir e suspender preventivamente a toda clase de persoal nos procedementos de imposición de sancións disciplinarias ao persoal da Corporación.

En materia de convenios de colaboración:

➤ A aprobación de convenios de colaboración para os que o Concello adquira un compromiso de gasto superior aos 100.000,00 €.

En materia contencioso administrativa:

➤ O exercicio das accións xudiciais e administrativas en materia competencia da Alcaldía e, en caso de urxencia, en materias da competencia do Pleno, neste caso, dando conta ó mesmo na primeira sesión que teña lugar para a súa ratificación.

En materia de económica e tributaria:

➤ A aprobación de padróns fiscais en tributos de cobranza periódica por recibo, unha vez notificada a liquidación correspondente ao alta no respectivo rexistro.

➤ O recoñecemento de obrigas e ordenación dos pagos, agás en aqueles casos que as referidas fases de gasto dependan do cumprimento dun prazo o termo concreto estipulado en norma legal, regulamentaria ou nun convenio de cooperación.

TERCEIRO. Todas as competencias delegadas implican a potestade de asumir o desenvolvemento da xestión económica de acordo co Orzamento aprobado, así coma dispoñer gastos dentro dos límites da súa competencia

CUARTO. Delegar na Xunta de Goberno Local a competencia para resolver os recursos de reposición que se presenten contra os actos administrativos ditados por este órgano colexiado en exercicio das competencias delegadas.

QUINTO. De acordo con os artigos 9 da Lei 40/2015, do 1 outubro eo artigo 114 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, esta delegación poderá ser modificada ou revogada en calquera momento, axustándose ás mesmas formalidades que as esixidas para o seu outorgamento.

Así mesmo, a Alcaldía poderá avogar o exercicio da competencia delegada de maneira singular para actos concretos, sen que iso implique a revogación da delegación conferida á Xunta de Goberno Local.

SEXTO. Esta delegación será efectiva desde o día seguinte á data da súa firma, de acordo con o artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

SÉTIMO. Publicar no BOP as presentes delegacións do órgano de Alcaldía na Xunta de Goberno de conformidade co previsto no artigo 44.2 do ROF, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte a aprobación das mesmas, de conformidade co indicado no punto anterior.

OITAVO. Notificar os membros designados a presente resolución, a efectos de cumprir o imperativo legal previsto no artigo 114 do ROF, entendéndose aceptada tacitamente se, no termo de tres días hábiles contados dende a notificación do acordo, o membro ou órgano destinatario da delegación non efectúa unha manifestación expresa ante o órgano delegante de que non acepta a delegación.

NOVENO. Que queden derogados Decretos, acordos, resolucións e calquera outro acto ou norma municipal que se opoña a este acordo, así como delegacións de competencias na Xunta de goberno local non acordadas expresamente.

DÉCIMO. Dar traslado da presente resolución ao Libro de Decretos da Corporación, así coma dar conta do contido da mesma ao Pleno da Corporación na seguinte sesión ordinaria que se celebre, todo elo de conformidade co artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba ou Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Vilalba, 3 de xullo do 2023.- A alcaldesa, Elba Veleiro Fernández.

R. 2152

Anuncio

Procedemento: Pleno organizativo

Expediente número: 2863/2023

Asunto: Publicación da resolución de Alcaldía referente ao nomeamento de Tenentes de Alcaldesa

Por Resolución de Alcaldía número 2023-0436 e data do 30 de xuño do 2023 acordouse determinación de delegacións xerais de servizos a favor de concelleiros, contando esta resolución co seguinte tenor literal:

A Corporación municipal como consecuencia das eleccións locais celebradas o pasado 28 de maio de 2023 quedou constituída na sesión celebrada en data 17 de xuño de 2023. Neste senso, estímase procedente deseñar un novo réxime de organización e funcionamento deste Concello, no que están presentes os tenentes de alcalde como órganos de carácter necesario, segundo configura o contido dos artigos 21.1.a) da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), artigo 35.2 do ROF aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e artigo 62 da lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG).

Segundo determinan os artigos 23.3 da LRBRL, 46 do ROF, e 62.1 da LALG, son libremente nomeados polo Alcalde de entre os membros da Xunta de Goberno Local e, de no existiren, de entre as persoas concelleiras electas.

Correspóndelle a estes substituír na totalidade das súas funcións ao Alcalde por orde de nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que lle imposibilite das súas funcións, así como a desenvolver as funcións de alcalde nos supostos de vacante da alcaldía ata a nova posesión deste.

O número de Tenentes de Alcalde, nos municipios que teñan Xunta de Goberno, non poderá exceder do número de membros da Xunta de Goberno. Como máximo un terzo do número legal de membros da Corporación, segundo indica o artigo 23.1 da LRBRL.

Visto que o número de concelleiros desta Corporación é de dezasete (17) segundo o disposto no artigo 179.1 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral, resulta, por tanto que o número máximo de persoas concelleiras a nomear como tenentes de alcalde será de cinco (5).

No uso das atribucións conferidas no art. 61.2 da Lei reguladora da Administración Local de Galicia 5/1997, de 22 de xullo (DOG nº 149 de 5 de agosto de 1997), en relación coas conferidas polo artigo 21.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e 46.1 do ROF, dispoño:

PRIMEIRO. Nomear tenentes de alcaldesa deste Concello ás persoas concelleiras que se integrarán coma membros da Xunta de Goberno Local que a continuación se relacionan, e que substituirán, segundo orde de nomeamento a esta alcaldía nos supostos de ausencia, enfermidade ou vacante:

- Modesto Renda Santiso;
- Marta María Rouco Seoane;
- Eduardo Vidal Baamonde;
- Tamara Rodríguez López;
- Luis Fernández Álvarez.

Este nomeamento causará efectos desde o día seguinte ao da súa sinatura, que se considerará aceptada tacitamente, salvo manifestación expresa.

SEGUNDO. Notificar o presente decreto aos tenentes de alcalde afectados, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do concello.

TERCEIRO. Dar traslado da presente resolución ao Libro de Decretos da Corporación, así coma dar conta do contido da mesma ao Pleno da Corporación na seguinte sesión ordinaria que se celebre, todo elo de conformidade co artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba ou Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, así coma en virtude do imperativo contido no artigo 38 do referido regulamento para os efectos do establecido no artigo 46.1 da devandita norma legal.

Vilalba, 3 de xullo do 2023.- A alcaldesa, Elba Veleiro Fernández.

R. 2153

XERMADE

Anuncio

Acordos organizativos adoptados polo Pleno na sesión extraordinaria de data 26/06/2023

O Pleno do Concello de Xermade, en sesión extraordinaria celebrada o 26/06/2023, prestou a súa aprobación aos seguintes acordos organizativos, que se publican en extracto:

2º. Periodicidade das sesión do pleno.

(...) **PRIMEIRO.-** O Pleno celebrará sesión ordinaria cada dous meses, o segundo xoves de cada mes impar (xaneiro, marzo, maio, xullo, setembro e novembro), ás 20:00 horas.

Se fose festivo celebrárase o seguinte día hábil, considerándose para estes efectos os sábados, domingos e festivos coma inhábiles, de conformidade co disposto no artigo 30 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

SEGUNDO.- Facultar á Alcaldía, por propia iniciativa ou a instancia dos portavoces dos Grupos Políticos, por causa xustificada, a modificar a data de celebración da sesión ordinaria, nun intervalo máximo de dez (10) días hábiles, mesmo aínda que o novo día fixado non estivese comprendido no mes correspondente á devandita sesión, conservando esta o carácter de ordinaria.

TERCEIRO. Proceder á publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo aos efectos do seu xeral coñecemento en virtude do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3º. Creación e composición da Comisión Especial de Contas.

(...) **PRIMEIRO.-** Constituír a Comisión Especial de Contas, xa que a súa existencia é obrigatoria, a quen lle corresponderá o exame, o estudo e o informe da Conta Xeral e das demais contas anuais, e para acomodar a súa composición á proporcionalidade existente entre tódolos grupos políticos representados na Corporación, propoño a seguinte composición:

Presidente: o alcalde

Vogais:

- PSdeG-PSOE: dous (2) membros
- PP: un (1) membro

Será Presidente nato o Sr. Alcalde, podendo delegar a Presidencia nun dos membros da Comisión, a proposta da propia Comisión e mediante elección no seu seno.

SEGUNDO.- As sesións ordinarias da Comisión celebraranse con anterioridade ó pronunciamento do Pleno sobre as contas anuais, e nos días e horas que fixe a Alcaldía. Poderanse asemade convocar sesións extraordinarias nos termos recollidos no artigo 134 do ROF.

TERCEIRO.- A adscrición concreta á Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo, realizarse mediante escrito do Portavoz do mesmo dirixido ao Alcalde, e do que se dará conta ó Pleno, debendo designarse, de igual

4º. Nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados externos de competencia plenaria.

(...) **PRIMEIRO.-** Nomear aos Concelleiros/as representantes desta Corporación nos seguintes órganos colexiados externos:

- CEIP de Xermade: D^a. Verónica Amarelo Morado (titular) e D^a. Nélica Coira Pena (suplente).

- Asociación de Desenvolvemento Local da Terra Cha: D. Roberto García Pernas (titular) e D^a. Verónica Amarelo Morado (suplente).

-Reserva da Biosfera Terras do Miño: D. Roberto García Pernas (titular) e D. José Prieto Barro (suplente).

-Consortio Lugo e Terra Cha: D. Roberto García Pernas (titular) e D. José Prieto Barro (suplente).

-Consortio Galego de Igualdade e Benestar: D. Roberto García Pernas (titular) e Nélica Coira Pena (suplente).

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos Concelleiros designados e ao resto de organismos.

TERCEIRO.- Proceder á publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo aos efectos do seu xeral coñecemento en virtude do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

5º. Retribucións e asistencias dos cargos electos.

(...) **PRIMEIRO.-** Recoñecer unha dedicación parcial de 30 horas semanais, cun soldo bruto anual de 22.215,60 euros en 12 pagas (soldo bruto mensual de 1.851,30 euros) á Alcaldía-Presidencia.

Esta cantidade incrementarase anualmente na porcentaxe que o Goberno fixe na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para os empregados públicos.

Segundo o artigo 75.2 da Lei de Bases do Réxime Local, os membros das corporacións locais que sexan persoal das Administracións Públicas unicamente poderán percibir retribucións pola súa dedicación parcial fora da xornada de traballo, nos termos fixados no artigo 5 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, sen prexuízo do disposto no apartado sexto do presente artigo.

O artigo 5.2 da lei 53/1984, de incompatibilidades do persoal, establece que a Administración na que preste servizos o membro da Corporación local en réxime de dedicación parcial e a propia Corporación deberán comunicarse reciprocamente a xornada de traballo e as retribucións percibidas, e as modificacións que se leven a cabo.

A xornada de dedicación mínima da Alcaldía realizarase en horario de mañá (entre as 08:00 e ás 14:45 horas) de luns a venres, e indistintamente en horario de mañá ou tarde as fins de semana, segundo as necesidades do servizo, sen que sexa compatible o percibo das retribucións que permite a norma coas indemnizacións por asistencias aos órganos colexiados do concello establecidas xenericamente para os membros electos da Corporación.

Sendo que o Alcalde é funcionario da Xunta de Galicia, Consellería de Medio Ambiente, Axente Facultativo, grupo C, subgrupo C1, o Pleno acorda a súa compatibilidade ao non incorrer en ningún dos supostos previstos na Lei 53/1984 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas, e ao non prexudicar ao horario establecido para esta dedicación, posto que desenvolve a súa xornada laboral en horario de tarde e gardas de fin de semana.

Supérase o límite do 40% das retribucións do posto principal previsto no art. 7 da Lei 53/1984, de incompatibilidades do persoal, en base a razóns de especial interese para o servizo, dado que o desempeño do cargo de Alcalde, coas atribucións e responsabilidades que ten conferidas na actual organización municipal, require unha dedicación parcial de 30 horas/semana e as retribucións estipuladas.

Tal e como establece o artigo 13.4 do RD 2.568/1986 (ROF) o nomeamento dun membro da Corporación para un destes cargos só suporá a aplicación do réxime de dedicación exclusiva ou parcial se é aceptado expresamente por aquel, en cuxo caso esta circunstancia será comunicada ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

SEGUNDO.- Recoñecer unha dedicación parcial de 26 horas semanais, cun soldo bruto anual de 16.373,76 euros en 12 pagas (soldo bruto mensual de 1.364,48 euros), á Concellaría delegada de Medio rural, Emprego, Medio ambiente e Servizos.

Esta cantidade incrementarase anualmente na porcentaxe que o Goberno fixe na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para os empregados públicos.

A xornada de dedicación mínima desta concellaría delegada realizarase en horario de mañá e tarde de luns a domingo, segundo as necesidades do servizo, sen que sexa compatible o percibo das retribucións que permite a norma coas indemnizacións por asistencias aos órganos colexiados do concello establecidas xenericamente para os membros electos da Corporación.

Tal e como establece o artigo 13.4 do RD 2.568/1986 (ROF) o nomeamento dun membro da Corporación para un destes cargos só suporá a aplicación do réxime de dedicación exclusiva ou parcial se é aceptado expresamente por aquel, en cuxo caso esta circunstancia será comunicada ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

TERCEIRO.- Os membros da Corporación que non desenvolvan cargos en réxime de dedicación exclusiva ou parcial percibirán, pola concorrencia efectiva ás sesións e xuntanzas dos órganos colexiados municipais dos que formen parte, as seguintes contías:

- Pleno: 60,00€

- Xunta de Goberno Local: 100,00€

- Comisión Especial de Contas, Mesas de Contratación, órganos colexiados externos e outros órganos previstos en regulamentos e/ou ordenanzas municipais: 40,00€

No caso de celebración de dúas ou máis sesións dun órgano colexiado no mesmo día, unicamente se abonará a contía correspondente á asistencia de maior importe.

CUARTO.- Publicar este acordo no BOP, no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello de Xermade.

6º. Creación da xunta de goberno local e delegación de competencias plenarias.

(...) **PRIMEIRO.-** Constituír á Xunta de Goberno Local, que estará presidida polo Alcalde da Corporación e integrada por un máximo de tres persoas concelleiras que serán nomeadas mediante resolución de Alcaldía de conformidade co indicado no artigo 23.1 da LRBRLL.

Á Comisión de Goberno corresponderalle as atribucións que lle delegue o Alcalde mediante a devandita resolución, así como as que o Peno lle delega mediante o presente acordo que figuran no apartado cuarto.

SEGUNDO.- A Xunta de Goberno Local celebrará sesións ordinarias os primeiros e terceiros mércores de cada mes ás 14:30 horas, caso de resultar festivo celebrarase o primeiro día hábil seguinte considerándose inhábil para estes efectos os sábados, domingos e festivos, de conformidade co indicado no artigo 30 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común.

TERCEIRO.- A Xunta de Goberno Local celebrará sesión constitutiva no prazo de dez días hábiles seguintes á súa constitución, de conformidade co disposto no artigo 112.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

CUARTO.- Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes competencias plenarias:

1º. O exercicio das accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia do Pleno, do artigo 22.2.j) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

2º. A declaración de lesividade dos actos do concello, do artigo 22.2.k) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

3º. A aprobación de proxectos de obras e servizos, nos termos do artigo 22.2. ñ da Lei 7/1985 de 2 de abril.

4º. Da Disposición adicional segunda, apartado 2 da LCSP: as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, de concesión de obras, de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento, e en calquera caso superen os seis millóns de euros. As competencias na adxudicación de concesións sobre os bens do concello e a adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento e en todo caso o importe de tres millóns de euros, así como a enaxenación do patrimonio, cando o seu valor supere a contía e a porcentaxe indicados. A competencia para a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas xerais aos que se refire o artigo 121 da LCSP.

Deixar sen efecto tódalas delegacións que se tivesen realizado prola Xunta de Goberno Local por parte do Pleno con anterioridade ao presente acordo.

QUINTO.- Delegar na Xunta de Goberno Local a competencia para resolver os recursos de reposición que se presenten contra os actos administrativos ditados por este órgano colexiado en exercicio das competencias delegadas polo Pleno.

SEXTO.- De acordo cos artigos 9 da Lei 40/2015, do 1 outubro eo artigo 114 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, esta delegación poderá ser modificada ou revogada en calquera momento, axustándose ás mesmas formalidades que as esixidas para o seu outorgamento.

Así mesmo, o Pleno poderá avogar o exercicio da competencia delegada de maneira singular para actos concretos, sen que iso implique a revogación da delegación conferida á Xunta de Goberno Local.

SÉTIMO.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local, a efectos de cumprir o imperativo legal previsto no artigo 114 do ROF, entendéndose aceptada tacitamente se, no termo de tres días hábiles contados dende a notificación do acordo, o membro ou órgano destinatario da delegación non efectúa unha manifestación expresa ante o órgano delegante de que non acepta a delegación.

OITAVO.- Este acordo surtirá efectos dende o día seguinte ao da súa adopción, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

7º. Creación da Comisión de Voceiros.

(...) **PRIMEIRO.-** Constituír a Comisión de voceiros, da que formarán parte as persoas voceiras dos grupos políticos constituídos ou, de ser o caso, os seus suplentes.

A súa función será tomar coñecemento de actuacións que, aínda sendo de competencia da Alcaldía ou da Xunta de Goberno Local, pola Alcaldía se considere que deben ser postas en coñecemento do resto dos grupos políticos con anterioridade á celebración dun pleno.

Será Presidente nato o Sr. Alcalde, podendo delegar a Presidencia.

SEGUNDO.- As sesións da comisión de voceiros convocaranse polo Alcalde.

Xermade, 3 de xullo de 2023.- O alcalde, Roberto García Pernas.

Anuncio

Nomeamento membros da Xunta de Goberno Local e delegación de competencias por parte da Alcaldía

Faise público en extracto o Decreto da Alcaldía núm. 2023-0286 de data 27/06/2023:

“(…) Primeiro.- Nomear membros da Xunta de Goberno Local aos tenentes de alcalde nomeados por Decreto da Alcaldía núm. 2023-0269, de data 19 de xuño de 2023, e que son os seguintes:

1º. D. José Prieto Barro

2º. D. Carlos Alberto Guerra González

3º. D^a. Verónica Amarelo Morado

Segundo.- Delegar na Xunta de Goberno o exercicio das seguintes atribucións correspondentes a Alcaldía:

1º. En materia urbanística:

a) A resolución de expedientes que teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo, definidos no artigo 142.2 da Lei do Solo de Galicia

b) As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídos ó Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización, todo elo nos termos previstos na normativa de urbanismo e ordenación do territorio de Galicia.

c) Aprobación do expediente de delimitación do solo de núcleo rural, segundo o establecido no art. 78 da Lei 2/2016 do Solo e Urbanismo de Galicia.

c) Expedientes de reposición da legalidade urbanística e sancionadores.

2º. En materia de persoal:

a) Aprobar a oferta de emprego público de acordo co Orzamento e o cadro de persoal aprobados polo Pleno.

b) Aprobar as bases das probas para a selección de personal funcionario de carreira e laboral fixo e para os concursos de provisión de postos de traballo.

3º. En materia de contratación:

a) As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de suministro, de servizos, de concesión de obras, de concesión de servizos, os contratos administrativos especiais e os contratos privados, cando o seu valor estimado non supere o dez por cento (10 %) dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración no sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

Esta competencia delegada levará aparellada a de autorizar e dispoñer os gastos correspondentes contra aplicacións orzamentarias cuxa xestión lles corresponda, en virtude do establecido no artigo 117 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público e, en xeral, todos aqueles actos e trámites que a normativa vixente atribúe ó órgano de contratación.

A Alcaldía manterá as competencias como órgano de contratación respecto da aprobación das certificacións de obra e facturas derivadas dos contratos adxudicados por delegación pola Xunta de Goberno Local.

A Alcaldía manterá as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos menores.

4º. En materia de proxectos de obras e servizos: a aprobación de proxectos técnicos de obras e de servizos, con arreglo ó procedemento legalmente establecido, cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstas no Presuposto.

5º. En materia de convenios interadministrativos: a aprobación dos convenios previstos no artigo 47.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

6º. En materia de subvencións:

a) Solicitude e aceptación de subvencións de outras administracións non expresamente atribuídas a outro órgano de goberno municipal, agás os supostos nos que se esixa a solicitude e/ou aceptación por algún órgano municipal específico, sen prexuízo de que por razóns de urxencia a Alcaldía efectúe a solicitude dando conta á Xunta de Goberno Local na seguinte sesión que se celebre.

b) A aprobación das bases e das convocatorias de axudas e subvencións sometidas ao principio de libre concorrencia de acordo co previsto na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xermade.

c) A concesión definitiva de subvencións, axudas e becas outorgadas polo Concello en réxime de concorrencia competitiva.

d) A aprobación da concesión das subvencións previstas de forma nominativa no Orzamento Municipal e no seu caso, do convenio regulador das mesmas.

e) A concesión de axudas directas cando se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificulten a súa convocatoria.

A aprobación das xustificacións presentadas polos beneficiarios permanece no ámbito competencial da alcaldía.

7º. En materia de responsabilidade:

a) Resolución de expedientes de responsabilidade patrimonial esixida ó Concello de Xermade nos termos sinalados pola normativa aplicable

b) Expedientes de esixencia de responsabilidade extracontractual a terceiros que causen dano en intereses, dereitos ou bens municipais.

8º. En materia de protección de datos:

a) As resolucións de creación, modificación e supresión dos ficheiros con datos de carácter persoal, consonte ó disposto pola normativa aplicable en materia de protección de datos.

9º. En materia de taxis:

a) O outorgamento, autorización de transmisión e declaración de caducidade das licencias de taxi ás que se refire a Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, ou normativa posterior, no seu caso.

Terceiro.- Todo canto antecede o é sen prexuízo das avocacións que, no seu caso, puideran disporse pola Alcaldía, de maneira motivada e mediante resolución formal, de acordo có previsto na Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público; e das facultades de asesoramento e ditame que reserva á Xunta de Goberno Local o art. 23 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local.

Cuarto.- Non é delegable a resolución dos recursos administrativos que se interpoñan contra os actos ditados por delegación. O órgano competente para a resolución do recurso de reposición contra os ditos acordos será a Alcaldía, na aplicación do artigo 9.2.c) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, que prohíbe a delegación das competencias relativas á resolución de recursos.

Quinto.- O réxime dos acordos dictados por delegación será o establecido pola Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público, Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local e Real Decreto 2568/1986 de Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

No texto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local en virtude desta delegación, terase que facer constar esta circunstancia mediante a inclusión, na parte expositiva, dunha referencia á resolución de delegación.

Oitavo.- Da presente resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que este celebre, notificarase persoalmente ós designados e publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica do concello, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ó da data en que se dicta a mesma, consonte co disposto nos apartados 2 e 4 do artigo 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, do 28 de novembro de 1986.”

Xermade, 3 de xullo de 2023.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 2155

XOVE

Anuncio

Pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 3 de xullo adoptouse acordo de modificación do Acordo regulador do Prezo público pola prestación do servizo de Escola de Música, do seguinte xeito:

1.- Modificación do artigo 7º do Acordo Regulador, relativo ás normas de xestión do prezo, quedando redactado como segue:

Artigo 7º.- O pago da presente exacción efectuarase mediante padrón que se aprobará unha vez finalizado o período de matrícula, liquidándose o prezo polo sistema de recibo, sendo a domiciliación bancaria o xeito preferente de abono do prezo.

O que se fai público para xeral coñecemento, advirtíndose que ditos acordos poñen fin á vía administrativa, podendo interpoñerse contra os mesmos, con carácter previo e potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano, no prazo de 1 mes contado a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio, ou alternativamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de

dous meses desde a data indicada. Todo elo en virtude do disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, e os artigos 8 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Caso de interpoñerse recurso de reposición, non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata a resolución expresa de aquel ou da súa desestimación presunta.

Todo elo sen prexuízo de que os interesados podan exercitar, no seu caso, calquera outro recurso que estimen procedente.

Xove, 4 de xullo de 2023.- O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 2156

Anuncio

Pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 3 de xullo adoptouse acordo de modificación do Acordo regulador do Prezo público pola prestación do servizo de Escola de Ximnasia Rítmica, do seguinte xeito:

1.- Modificación do artigo 7º do Acordo Regulador, relativo ás normas de xestión do prezo, quedando redactado como segue:

Artigo 7º.- O pago da presente exacción efectuarase mediante padrón que se aprobará unha vez finalizado o período de matrícula, liquidándose o prezo polo sistema de recibo, sendo a domiciliación bancaria o xeito preferente de abono do prezo.

O que se fai público para xeral coñecemento, advirtíndose que ditos acordos poñen fin á vía administrativa, podendo interpoñerse contra os mesmos, con carácter previo e potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano, no prazo de 1 mes contado a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio, ou alternativamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde a data indicada. Todo elo en virtude do disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, e os artigos 8 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Caso de interpoñerse recurso de reposición, non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata a resolución expresa de aquel ou da súa desestimación presunta.

Todo elo sen prexuízo de que os interesados podan exercitar, no seu caso, calquera outro recurso que estimen procedente.

Xove, 4 de xullo de 2023.- O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 2157